CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPTE : 2024/E001/000001
ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.
TRAMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DERROGACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 244/2024 do 27/05/2024 aprobouse a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, cuxa selección foi regulada polas Bases aprobadas na sesión ordinaria da XGL do 10/01/2024 e corrixidas pola Resolución da Alcaldía núm. 30/2024 de 26/01/2024.

Sendo preciso efectuar unha contratación para substituír a unha das auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro procedeuse a realizar chamamentos ás dúas integrantes da citada bolsa de emprego, resultando que ningunha aceptou o mesmo.

Considerada a necesidade de realizar un novo procedemento de selección de persoal para a formación dunha bolsa de auxiliares de axuda no fogar, por acordo da Xunta Local de 12 de xuño de 2024 aprobáronse as bases do proceso de selección así como a convocatoria. (BOP núm.132 de 10/07/2024).

Tramitado o procedemento, cómpre aprobar a relación de candidatos que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, se ben con carácter previo é necesario derrogar expresamente a bolsa de emprego creada pola Resolución da Alcaldía núm. 244/2024 do 27/05/2024.

Considerando que a base décima das que regularon o proceso e que foron aprobadas por acordo da XGL do 10/01/2024 e corrixidas pola Resolución da Alcaldía núm. 30/2024 de 26/01/2024 e publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 23 do 31/01/2024 recolle que:
"8. A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran tres anos a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa."

En uso das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Derrogar expresamente bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, creada mediante Resolución da Alcaldía núm. 244/2024 do 27/05/2024.

Segundo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria- interventora, que da fe.

CVD: A+E1/OrMW9Y6ueQDEa6Z
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.